

## A BARRA DE PAN

Despois do enterro no camposanto de Santo Amaro, fomos ao Huevito e logo ao bar David para brindar pola alma defunta. Quen morrera fora a nai de Fontana. El estaba moi apesado, como se o peso da caixa seguise aínda aí no lombo, e cun aquel de dor culpábel que teñen os fillos cando se lles val a nai. No seu caso, a nai tivera Alzheimer e confundía o fillo co home da información meteorolóxica na televisión.

Mira que formal está!, dicía ela. E mandáballe un bico soprando na palma da man cara á pantalla.

Fontana interpretaba aquela desmemoria como un sinal de protesta, de acusación indirecta polas longas ausencias. Estaba solteiro como todos nós e íalle a bohemia. Chegou a terlle moita xenreira ao Home do Tempo. Até que O'Chanel lle dixo un día: E que se parece a ti, Fontana. E cuspidiño a ti.

E Fontana puxo un traxe de chaqueta cruzada como o daquel Home do Tempo e díxolle: Mamá, son eu.

Xa vexo que es ti, dixo a nal sorrinte. Moito recei para que re deixasen saír das isóbaras.

Na barra do bar estaba Corea. Era un bebedor solitario que non se metía con ningún. Mais no pouco que falaba, mesmo cando quería ser amábel, saíanlle apocalipses pola boca, que dicía cunha voz grave, como padas de terra. Por iso, cando se achegou a Fontana, puxémonos en garda. Porén Corea pousoulle a man nun ombro e deulle un pésame sorprendente: Os mortos hai que deixalos ir. Non

hai que tirar deles cara abaixo. Abrese unha tella no tellado. E que a alma busque o seu sitio.

Sen máis, foise á barra, bebeu o grolo que quedaba, pagou a ronda e marchou pola porta sen despedirse. Durante un tempo, ficamos mudos. É unha bonita oración, dixo por fin O'Chanel.

A mellor, engadiu Fontana pensativo.

Vai un brinde pola alma.

Pola alma!

E certo, dixo O'Chanel. E certo que hai cousas que teñen alma. Ou dito doutra maneira, hai sitios nos que pousan as almas como os paxaros nas pólas.

O'Chanel sempre tiña un conto na recámara para tapar os tempos mortos. Só necesitaba un grolo para, segundo el dicía, mollar a prosodia. Emigrara a Francia de mozo, nun deses trens que saían ateigados de xente desde Galicia. E fóralle ben. Oes ti, eu puña gardalamas na Renault!, dicía como un mariscal vitorioso. Mesmo contaba que estivera sentado cun filósofo célebre na terraza dun café na beira do Sena, na Rive Gauche, e que o filósofo tomou notas de canto el lle dicía. Por suposto, aseguraba O'Chanel, antes pediume permiso. Ese si que é un país con cultura e educación! E é que, ás veces, dábanlle saudades do revés: Aínda hei volver a París! Un home con prosodia éche alí un galán.

Eu, unha vez, dixo agora O'Chanel, unha vez comín unha alma.

E mirou arredor, un por un, como quen pide tempo antes de ser

contrariado.

Cando rapaz, nos tempos da fame, a miña nai mandoume coa cartilla de racionamento. A ver que daban. Sempre daban pouco, pero calquera cousa que entrase na casa do pobre era un manxar. Nós viviamos na aldea mais non tiñamos terras. O meu pai, xa sabedes, era obreiro. Os labradores aínda se ían amañando. Viñan os de Abastos, rapinaban todo o que podían, mais sempre había algo que botar no pote. Pero o noso pote, o máis do tempo, só tiña un óso para dar sabor ao caldo de verza. E eramos moitos na familia, unha rolada de pitos arredor da nai. Contas iso agora e rinse dun, pero vós sabedes que era certo.

Pois ben, a miña nai mandoume coa cartilla. Díxome: Anda, a ver que dan.

Sáin de mañanciña. Tiña que andar cinco quilómetros deica Cambre. Deixei atrás a casa, escura e afumada, porque as desgrazas nunca veñen soas e o lume arde mal, fai o preguiceiro, cando non ten substancia para cocer. Deixei atrás os irmáns, unha ladaíña coral de choro e tose. E o día, por fóra, era como a casa por dentro. Cunha brétema pegañenta, unha roña fría e tristeira que envolvía todas as cousas e se che metía na cabeza. Había algúns paxaros en pólas e valados pero todos parecían estar de bito, ensumidos e co capuz mouro. A corredeira estaba enlamada e eu procuraba os peares de pedra para non enchoupar os zocos, mais esvaraba ás veces, até que o barro chegou aos nocelos e entón despreocupeime e apozaba adrede, como animal de auga. Polos lugares que pasei, a xente non parecía verme. Decía eu bos días, miraban de esguello, pero non respondían

ao meu saúde. Era un neno invisíbel.

Así foi a miña viaxe cara á barra de pan. Porque todo canto me deron cando mostrei a cartilla foi unha barra de pan.

E volvín abrazado á barra. Para min aquel pan tiña a cor do ouro. Agora camiñaba con moito tento, dando arroteos para encontrar bo paso. Por nada do mundo podía esvarar e botala a perder. Foi entón cando a fame acordou. Eu levábaa entretida, adormecida, pero coído que despertou ao sentir tan perto o pan. E, sen pensar, collín un codecho. E deixei que abrandase na boca, demorando sen mastigar. Sabíame a todos os sabores. A doce, a caramelo, a marabilla. E xa notei que o día estaba a clarexar, coa brétema arredándose, esfiañándose nas árbores.

E os dedos seguiron a furar polo cerne, facendo boliñas de miga. Andaban ao seu aire, sen eu ter conta deles, e levaban as migas á boca, como se fose outro quen mas dese. Si que era un bonito día. Endexamais reparara nas cores que ten o inverno en Galicia. Coas violetas na beira do camiño, os toxos a dourar os montes, as flores dos nabeiros como inmensas alfombras pacegas.

Outro bocado e os paxaros a cantar. O merlo, o peizoco, o pardal, o carrizo, a chasca, o ferreiro, o pimpín, a laverca no alto. Alegres parentes que non emigran.

Outro anaco de pan no padal e as campás de Sigrás a repicar. Non era un son fúnebre, como adoitaban naquel tempo. Era un repique festeiro, que percorría os eidos como unha alborada.

O bruar das vacas e o canto dos galos semellaban himnos de

fartura e vida. Un vello amoreaba esterco no carro, enchendo a mañá dun arrecendo cálido que cheiraba ás colleitas futuras, a cachelos cocidos e a boroa, e mesmo ás sardiñas do mar.

Bos días, rapaz!, dixo Vulto, o vello veciño que nunca daba fala. Feliz Nadall!

Aquel saúdo garimoso tivo o efecto dunha labazada. Vulto era mudo e o Nadal xa pasara había un mes.

Mirei cara abaixo. Da barra só ficaba un po de fariña no gabán. Diante da miña casa, sacudino como quen sacode un pecado. Abrín a porta e unha ducia de ollos, naquel tobo afumado, mirou con brillo de ansia cara a min.

Que che deron?, preguntou a mamá.

Un pan, dixen eu. Unha barra de pan.

Para non atrasar máis a penitencia, engadín deseguido: Comina enteira polo camiño. E deixei caer os brazos, achegándome a ela con desacougo, desexando que me batera ben forte.

A mamá miroume en fite, como quen se pregunta en que momento se estraga a obra de Deus. Pero logo levoume ao seu ventre e secoume a cara con aquel mandil que tiña, estampado en flores de macela.

E a mamá dixo: Fixeches ben, neno, fixeches ben.

MANUEL RIVAS, *Madona e outros contos de inverno*, Xerais, Vigo, 2015, pp. 85-90.